



**ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE XANEIRO DO 2023**

<p><b>ASISTEN:</b> Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna M<sup>a</sup> Victoria Montenegro Paz. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dna. María Carmen Brage Otero. Dn. Miguel Ángel García Paz. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. José Manuel Cendán Fernández <b>Ausencia Xustificada:</b> D. Marcos Carballo Sarmiento <b>Sr. Secretario:</b> D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e vinteseis minutos do día trinta de xaneiro do dous mil vinte e tres, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**Punto núm. 1.- Aprobación se procede da acta da sesión do día 26-12-2022.**

Sometida a votación a aprobación a “Acta da sesión do día 26-12-2022” o Pleno do Concello por unanimidade dos presentes, 12 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2 do PP – 1 Ausencia Xustificada e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

**Punto núm. 2.- Aprobación “Estratexia da promoción da saúde e prevención no SNS”**

**ESTRATEGIA DE PROMOCIÓN DE LA SALUD Y PREVENCIÓN EN EL SNS**

**Resumen ejecutivo**

La Estrategia de Promoción de la Salud y Prevención en el SNS propone el desarrollo progresivo de intervenciones dirigidas a ganar salud y a prevenir las enfermedades, las lesiones y la discapacidad. Es una iniciativa que se desarrolla en el marco del plan de implementación de la Estrategia para el Abordaje de la Cronicidad en el Sistema Nacional de Salud (SNS).

España ha alcanzado una de las esperanzas de vida más alta del mundo (82,1 años)





pero otros países de nuestro entorno nos aventajan en la esperanza de vida con buena salud (en España 61,5 años en hombres y 59,4 en mujeres).

Las sociedades modernas afrontan desde finales del siglo pasado dos retos íntimamente relacionados, la transición demográfica y la transición epidemiológica. Esto supone un cambio desde las enfermedades transmisibles a las no transmisibles a medida que aumenta la esperanza de vida de una población. Las condiciones crónicas de salud suponen el 86% de las muertes y el 77% de la carga de enfermedad en la región europea de la OMS y son la principal causa de mortalidad y morbilidad prevenibles. Aunque la mortalidad por estas enfermedades desciende progresivamente, la carga de enfermedad que producen va en aumento. En España suponen el 89,2% del total de carga de enfermedad medida en años de vida ajustados por discapacidad (AVAD).

Las principales causas de la carga de enfermedad, tanto a nivel mundial como en nuestro entorno, tienen unos determinantes y factores de riesgo comunes y abordarlos de forma conjunta e integradora mejora tanto el impacto de las acciones de promoción y prevención como su eficiencia.

Las estrategias para ganar salud y prevenir la enfermedad, se basan en la efectividad y otras cinco características importantes para conseguir los mejores resultados: su aplicación a lo largo de todo el curso de vida, el abordaje por entornos, el enfoque poblacional, el abordaje desde un enfoque positivo, y un enfoque integral.

### **Visión**

La visión de esta Estrategia es promover una sociedad en la que los individuos, familias y comunidades puedan alcanzar su máximo potencial de desarrollo, salud, bienestar y autonomía, y en la que trabajar por la salud se asuma como una tarea de todos.

### **Misión**

Facilitar un marco común para la promoción de la salud y la prevención primaria a lo largo del curso de vida armonizando su integración en la cartera de servicios del sistema nacional de salud, implicando activamente a otros sectores de la sociedad y promoviendo la participación de los individuos y de la población para incrementar su autonomía y capacidad para ejercer un mayor control sobre la salud.

### **Objetivo general**

El objetivo general es fomentar la salud y el bienestar de la población promoviendo entornos y estilos de vida saludables y potenciando la seguridad frente a las lesiones.





Como objetivo global cuantificable se plantea aumentar en 2 años la esperanza de vida en buena salud al nacer en España, para 2020.

Esta Estrategia es una oportunidad de integrar y coordinar los esfuerzos de promoción de la salud y prevención entre todos los niveles, sectores y actores implicados. También supone un nuevo impulso en la reorientación del Sistema Nacional de Salud, que es una demanda de nuestro entorno y una recomendación reiterada por organismos internacionales como OMS y la Unión Europea. La sociedad da un alto valor a la salud y demanda una respuesta conjunta, coordinada e integrada de intervenciones efectivas y mantenida en el tiempo.

### Líneas estratégicas

Las líneas estratégicas que se abordan son: potenciación de la salud pública, coordinación y gobernanza territorial, equidad en salud, reorientación de los servicios de salud, intersectorialidad en salud, empoderamiento en salud, entornos saludables y seguros, así como participación y acción comunitaria.

### Eje tridimensional de acción

Esta Estrategia se desarrolla en un eje tridimensional de acción: por poblaciones, por entornos y por factores a abordar.

En la primera fase se han priorizado para la acción dos **poblaciones**: la infancia (menores de 15 años) y los mayores de 50 años.

En las intervenciones dirigidas a la promoción de la salud y prevención es importante actuar de forma integrada, no sólo abordando en conjunto los principales factores de salud/riesgo y sus interacciones, sino también los diferentes **entornos** vitales de cada población. Así, para la población menor de 15 años, se han identificado como entornos prioritarios de intervención, además del sanitario, el educativo y el comunitario. En la población mayor de 50 años se abordan el entorno sanitario y el comunitario.

Los **factores** que se contemplan en esta Estrategia corresponden a aquellos que tienen mayor importancia desde el punto de vista del abordaje de la cronicidad, alimentación saludable, actividad física, consumo de tabaco y consumo de riesgo de alcohol, sumando también el bienestar emocional y la seguridad del entorno con el objetivo de prevenir lesiones no intencionales.

### Objetivos específicos

En la primera fase de esta Estrategia, se proponen como objetivos específicos:

1. Promover estilos de vida saludable, así como entornos y conductas seguras en la población infantil mediante la coordinación de intervenciones integrales en los ámbitos sanitario, familiar, comunitario y educativo.
2. Promover estilos de vida saludables durante el embarazo y el periodo de lactancia.
3. Promover el bienestar emocional en la población infantil.





4. Promover el envejecimiento activo y saludable en la población mayor de 50 años mediante la intervención integral sobre estilos de vida saludables, así como sobre los entornos y conductas seguras de manera coordinada entre los ámbitos sanitario y familiar-comunitario.
5. Prevenir el deterioro funcional y promover la salud y bienestar emocional en la población mayor de 70 años potenciando la coordinación de intervenciones integrales en los ámbitos sanitario, de servicios sociales y comunitario.

### **Metodología**

Para la elaboración de esta Estrategia se ha empleado una metodología participativa que parte de la implicación de los sectores profesionales relacionados con la salud así como de las administraciones sanitarias central y autonómica. Se ha partido de la identificación de buenas prácticas en promoción de la salud y prevención primaria implantadas en las comunidades autónomas que tras un riguroso proceso de evaluación, priorización, integración y ordenación, en base a su importancia y factibilidad, ha permitido identificar las mejores prácticas disponibles a universalizar en todo el SNS.

### **Intervenciones seleccionadas para la acción**

Estas intervenciones son:

1. El consejo integral sobre estilos de vida en atención primaria vinculado a recursos comunitarios en la población infantil.
2. El consejo integral sobre estilos de vida durante el embarazo y la lactancia.
3. El programa de parentalidad positiva, para promover el bienestar emocional en la población infantil.
4. El consejo integral sobre estilos de vida en atención primaria vinculado a recursos comunitarios en población mayor de 50 años
5. El cribado de fragilidad y atención multifactorial a la persona mayor, que desarrollará planes de intervención preventiva y seguimiento individualizado que suponen la implementación de en línea con los planes de actuación promovidos en el Partenariado de Innovación de Envejecimiento Activo y Saludable (EIP-AHA).

En esta Estrategia se avanzará, por tanto, en la intervención integral en salud, se afianzarán las intervenciones en prevención primaria y promoción de la salud, se reforzarán estas intervenciones en atención primaria con carácter universal y se promoverán las intervenciones comunitarias y su coordinación en los diferentes entornos (sanitario, social, educativo y comunitario). Siempre en base a los principios rectores de integralidad, evidencia científica, cohesión, participación, evaluación, salud en todas las políticas y equidad.





## Implementación

Durante el proceso de implementación efectiva de la Estrategia está previsto:

El desarrollo operativo de las intervenciones integrales que profundizará en los aspectos comunes y replicables de las mejores prácticas identificadas, para facilitar la universalización de las mismas y, así como en promover la coordinación

- El diseño de un plan de capacitación profesional en metodología del cambio y educación en estilos de vida saludables, que incluye consejo breve, educación intensiva individual/grupal y educación comunitaria. La capacitación estará basada fundamentalmente en metodología on line.
- La capacitación de la población a través del diseño de una plataforma web sobre estilos de vida saludables.

La generación de alianzas, que contempla un Plan de desarrollo local, para lo que ya se ha iniciado el trabajo bilateral y uno de cuyos elementos clave será la realización de mapas on line de recursos comunitarios para la promoción de la salud y prevención, a nivel local. En cuanto al trabajo conjunto con el entorno educativo, pretende reforzar las intervenciones de manera armonizada y universal en dos ámbitos concretos: la actividad física y alimentación saludable y el bienestar y salud emocional. Con el sector deportivo, se trabajará en dos líneas de actuación: el desarrollo operativo de los programas de formación de actividad física para la salud dirigidos a profesionales de los ámbitos sanitarios, educativo y comunitario, y el apoyo a todas las intervenciones de la estrategia que contemplen la actividad física como instrumento para ganar salud.

La acción entre sectores que permita avanzar en la potenciación de la salud pública y en el principio rector de salud en todas las políticas, se promoverá a través de un Comité Intersectorial integrado por representantes de diversas instituciones de la administración general del estado.

En esta reorientación hacia la promoción de la salud y la prevención, los sistemas de información y el fomento de la investigación, así como la transferencia de sus resultados, tendrán un papel importante.

En el actual contexto socioeconómico, con las tensiones a que está sometido el propio sistema sociosanitario, se hace imperativo un giro hacia la promoción y la prevención que proporcionará un doble beneficio, aumentar el bienestar y la cohesión social y trabajar en la sostenibilidad del sistema a medio y largo plazo. Esta Estrategia se propone como un instrumento para lograr esta meta.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando que significa a abreviatura SNS.

Responde o Sr. Secretario diciendo que é o Sistema Nacional de Saúde.





Toma a palabra a Sra. Marcos García sinalando que é para as subvencións que se están a tramitar “Cidades Saudables”.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que ao formar parte da rede “Cidades Saudables” temos que aprobar este documento.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que se aproba un documento que está elaborado fai dez anos, o lóxico é que se aprobase a participación desta estratexia nun proxecto en concreto para o Concello de Ares ou está mal redactada a orde día, porque outra cousa sería a aprobación e a adhesión a este sistema para algo en concreto para acceder a subvención, pero tal e como está redactado non entendemos isto, este tema foi a xunta de goberno de hai un mes e ven ao pleno para que? Para algo baleiro, porque nin siquera se perde o tempo para dicir para que son as cousas, e se trae unha proposta que se poida ler en serio, porque isto non é serio, honestamente isto non é serio. Na xunta de goberno de fai un mes falase dun convenio ou sexa, ao pleno debería ir unha proposta concreta con cláusulas específicas das actuacións e dos compromisos que adquire o concello, pero non hai nada diso, só unha declaración de boas intencións sobre o que esta xente chama Sistema Nacional de Saúde por tanto é lóxico, que quede sobre dá mesa este tema para poder concretar o que se quere aprobar.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que o que hai que aprobar está claro é dicir, nós adherímonos a “Cidades Saudables” para poder acceder a unha serie de fondos, e nos esixen aprobar esta estratexia de promoción dá saúde e prevención entón, é un requisito que efectivamente implica formar parte desta rede polo tanto, como isto é un tema que efectivamente non depende de nós, nós adherímonos a algo que efectivamente dispón de fondos para financiar intervencións, queremos as intervención e temos que cumprir todos os requisitos e os requisitos son formar parte dá rede e aprobar a estratexia dá promoción dá saúde e prevención no SNS e ven ao pleno entón, xa aprobamos a adhesión e agora efectivamente temos que aprobar esta estratexia porque é un requisito para formar parte desta rede polo tanto, isto non é competencia municipal en consecuencia non podemos modificar nin unha coma porque isto ven de Europa e son Fondos Europeos.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que se entende que este documento é de hai dez anos, e non hai ningunha modificación.





Responde a Sra. Barrón Ferro sinalado que si, que se pode ver na web.

Intervén novamente a Sra. Brage Otero sinalando que se entende que despois de dez anos este tema é para algo en concreto o lóxico é saber que concrecións.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que é para pedir subvencións, e as subvencións xa foron a pleno é para pedir as subvencions dá rede de "Cidades Saudables".

Toma a palabra a Sra. Brage Otero preguntando para que tema en concreto son as subvencións.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que xa tivemos dúas, temas concretos non, temos que presentar para proxectos igual que ou POS.

Intervén a Sra. Brage Otero dicindo que os proxectos non os vímos.

Responde ou Sr. Alcalde sinalando que aínda non foron aprobados, temos que aprobar primeiro esta estratexia e por certo, o dos camiños seguros ou viches.

Intervén a Sra. Brage Otero dicindo que ese si.

Responde novamente ou Sr. Alcalde sinalando que ese proxecto é o único que temos, para seguir pedindo temos que aprobar esta estratexia.

Intervén a Sra. Montero Candal dicindo que é para as merendas dá escola.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha outra intervención.

Intevén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a concelleira acaba de dicir que é para as merendas dá escola, concretamente para que? Hai algún proxecto que teñades pensado levalo a cabo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que iso depende das convocatorias, dentro da rede van abrindo convocatorias e para poder pedilas tes que formar parte da rede e ademáis, cumprir cos requisitos que se nos esixen e agora é aprobación da promoción da saúde e





prevención do SNS isto son chorradas, unha estratexia que xa está aprobada polo goberno e nós a temos que aprobar no pleno, e que non ten sentido pero evidentemente é un requisito que se esixe no ámbito da rede a que pertencemos a medida que saen as convocatorias imos solicitando, non sabemos o que vai a saír, pero para poder solicitalo temos que formar parte da rede.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que isto se aproba, solicitase unha subvención pero esto se fai en función dun proxecto.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que aínda non se sabe, porque cada subvención é para unha cousa.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que lle parece unha declaración de intencións.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que como vai ser unha declaración de intencións si é unha estratexia nacional.

Unha vez rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a aprobación a **“Aprobación Estratexia da promoción da saúde e prevención no SNS”** o Pleno do Concello por 12 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2 do PP - 1 Ausencia Xustificada) e 2 abstencións (2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

### **Punto núm. 3.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

### **Punto núm 4.- Mocións-Proposta**

Non hai

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Non hai

### **Punto núm 5.- Rogos e preguntas.**





O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que non ten sentido convocar un pleno extraordinario.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que é ordinario.

Continúa a Sra. Brage Otero manifestando que o que quere decir é que non é serio solicitar un pleno extraordinario para o día 2 cando se pode presentar pola vía de urxencia o que vai a continuación a comisión infomativa, porque entendemos que é unha circunstancia similar a que se deu o día 16 de decembro, que se presentou pola vía de urxencia no pleno ordinario.

Responde o Sr. Alcalde insistindo en que este é o pleno ordinario, non entendo cal é o problema, é obrigatorio convocalo e convocamos un pleno ao mes.

Intervén novamente a Sra. Brage Otero manifestando que non o di polo pleno de hoxe.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando cal é o problema.

Responde a Sra. Brage Otero sinalando que o problema é que se convoca un pleno extraordinario para o día 2.

Interrompe o Sr. Alcalde aclarando que é porque dependemos de Mugaros e Fene para solicitar a subvención entre os tres concellos, e os tres o temos que levar ao pleno e temos que esperar os uns polos outros, e non é o 2 senón o 6, porque Fene pediu retrasar e temos que facelo para solicitar a subvención os tres, o tema é que temos que actuar con outros concellos, voulle eu a poñer o pleno a Fene e a Mugaros.

Intervén o Sr. Secretario aclarando que falta un proxecto e Fene pediu que se atrasase ata o día 6 de febreiro, aínda foi o venres a reunión.

Responde a Sra. Brage Otero dicindo que iso non se menciona.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que non o ten porque mencionar.

Responde a Sra. Brage Otero dicindo que o outro día falouse do día 2 de febreiro.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que efectivamente se tivo que retrasar porque actuamos con outros dous concellos.

Toma a palabra o Sr. Secretario dicindo que foi o venres a reunión a posteriori, non se sabía.





O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha outra intervención, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Candán Fernández sinalando que hai unha demanda polo tema dunhas antenas que non se deixa ver o expediente, recorreron a xunta e o concello ao parecer fixo oídos sordos, a pregunta é como está ese tema.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando quen puxo a demanda.

Responde o Sr. Secretario sinalando que é SOGAVI, a señora despois de dez anos segue pedindo documentación entregouselle pero non veu, e hai constancia de que pediuse que vira, e vai ao contencioso.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que hai unha antena que ten autorización do Ministerio de Defensa, paga o canon, autorización de Patrimonio, ten todas as autorizacións patrimoniais incluso aérea polo tanto, a licenza é reglada e temos que concedela, é unha señora que ten intereses en medios audiovisuais lle dixo que porque non compartía a antena e SOGAVI lle dixo que non entón parece ser que esa outra empresa viu para pedir permiso para instalación doutra antena e non conseguiu poñela, entón empezoulle a dicir ao de SOGAVI que senon lle deixaba compartir o demandaba e o demandou polo tanto, é unha falta de entendemento de dúas empresas, unha que conseguiu poner unha antena e outra que non, eu imaxino que esa empresa pensará porque SOGAVI a puxo e eu non, ten que cumprir os requisitos.

Intervén o Sr. Secretario sinalando que ela ten que cumprir, e ela pide que o concello lle identifique as fincas e nós non somos quen de facer iso.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que se non pode poñer a antena e un ten todas as autorizacións e outro non quere compartila, pois non a quere compartir, é unha cousa moi rara, é un tema complicado pero que non depende de nós.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha pregunta.

Continúa o Sr. José Manuel Candán Fernández preguntando sobre a reunión que houbo o outro día para o derribo do inmovible do da imprenta, que é o que pasa con ese tema porque nós lle dimos licenza de derribo.

Responde a Sra. Marcos García dicindo que presentou un proxecto no que demolía parte duha planta e conservaba outra parte, agora rexistrou o seu abogado outro escrito e non sei como está.





Intervén o Sr. Secretario sinalando que ao final se lle deu licenza.

Continúa a Sra. Marcos García sinalando que licenza ten, pero agora anda pelexando porque tiña licenza para facer un proxecto.

Interrompe o Sr. Secretario manifestando que ese é o orixinario, hai dos dictamentos de deputación para a reposición ao estado orixinal.

Toma a palabra a Sra. Marcos García sinalando que agora quería construír máis porque o plan lle permitía máis entón presentou outro.

Responde o Sr. Secretario manifestando que non sabe pero licenza ten.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que el conforme a situación anterior ao plan tiña que demoler máis, non cumpriu a orden de demolición, preferiu esperar a que entrara o plan en vigor porque consideraba que entrando o plan en vigor demolía menos entón conforme ao novo plan pediu unha licenza tendo concedida outra anterior entón, tiña que renunciar a anterior pero efectivamente, cada un protexe os seus intereses como quere pero a realidade é que hai unha sentenza xudicial que aínda non executou e que o xulgado estalle pedindo practicamente todos os meses as actuacións porque nos ameaza o xulgado con procesarnos a nós por desobediencia, e isa é a realidade.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia ao retraso na concesión de licenzas, que unha licenza tarde uns meses nunca pasou , a pregunta cal é a razón?.

Responde a Sra. Marcos García sinalando que depende da licenza.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que as que se retrasan necesitan informes sectoriais, teñen que ir a patrimonio, augas ou presentan mal a documentación e se lle require esas son as razóns do retraso, xa se ve na comisión de urbanismo, comisión de urbanismo hai dúas ao mes e veñen as licenzas que se poden dar, as que non teñen informes sectoriais ou non teñen a documentación completa non poden vir.

Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que hai unha resolución que é a 34/2022 sobre un contencioso interpuesto por a María Josefa Martínez Pérez.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que é o contencioso da antena, SOGAVI.





Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando sobre a resolución 31/2022, Mateo Rodriguez.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que é o das campás, o señor que quere que non soen as campás do reloxo.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando si se dictou sentenza.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, pero esto é porque fixo obras sen licenza o das campás aínda está pendente.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que na resolución 692/22 hai dúas facturas a nome de Ana Gallego Nuñez.

Responde a Sra. Marcos García manifestando que é a auditoría do auga, hai non é a execución e dirección da obra do Mosteiro de Santa Catalina e que hai dúas Anas unha a da auditoría da auga e esta.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que hai dous pagos un de 1526,23€ e outra de 2377,18€.

Responde a Sra. Marcos García manifestando que a de 1526,23€ é da dirección e execución da obra do Mosteiro de Santa Catalina.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando sobre a obra da escola de cidades saudables, cal é o tramo?.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que vai dende o muelle ata a subida da escola.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando si atravesan polo palco.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, porque ahí confluén todas as rúas e ahí se unen para ir a escola

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e cincuenta e seis minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

*Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente*

*Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor*

